



CALENDARIO ELECTORAL

06/11/2018:

- Envío circular ás familias coa convocatoria do seu sector.

Do 07 ao 16/11/2018 (ambos incluídos):

- Prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores.

12/11/2018:

- Envío de convocatoria para a celebración da segunda reunión da Xunta Electoral.
- Envío da convocatoria de Claustro informativo para o día 19 de novembro (*Artigo 35 do Decreto 92/1988*)

19/11/2018:

- **Segunda reunión da Xunta Electoral:**
 - Admisión, proclamacións e publicacións de candidaturas. Ábrese o prazo de dous días para posibles reclamacións á proclamación de candidaturas.
 - Aprobación dos censos electorais e de modelo de papeletas, sobres...
 - Sorteio público para a designación dos membros das mesas electorais.
- **Reunión de Claustro de profesorado:** Lectura de normas, Relación de candidaturas, acordo de convocatoria de Claustro extraordinario para o día 26, luns.

20/11/2018:

- Comezo das distintas campañas electorais.
- Envío de:
 - circular ás familias anunciando as candidaturas do seu sector.
 - convocatoria de Claustro extraordinario a celebrar o día 26.
 - Citacións para a constitución das distintas mesas electorais.
 - Convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral.

23/11/2018:

- Envío ás familias dunha circular recordatorio do día das votacións do seu sector.

26/11/2018:

- **Votacións:**
 - PAS, de ser o caso. (No noso centro non é o caso)
 - Profesorado. (ás 16:30 horas)
 - Familias. (De 13:30 a 19:30 horas)

As actas das votacións deberán axustarse ao modelo publicado como Anexo I na Resolución do 25 de setembro de 2018 (DOG do 08/10/2018)

29/11/2018:

- **Terceira e última reunión da Xunta Electoral:**
 - Proclamación e publicación de candidatos electos.
 - Traslado das actas das mesas electorais ao titular da Xefatura Territorial. Contra as decisións tomadas pola Xunta Electoral poderase presentar por un prazo de quince días reclamación perante a Xefatura Territorial.
- Envío de convocatoria de reunión para a constitución do novo Consello Escolar. (*Artigo 52 do Decreto 92/1988, DOG do 29 de abril*)

03/12/2018:

- **Celebración de reunión do novo Consello Escolar:**
 - Constitución do Consello.
 - Designación dos membros que van a constituír a Comisión Económica.
 - Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. (*Artigo 126.2 da LOE*).
 - Elección das persoas representantes da Comisión de Convivencia (*Artigo 6.2 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, DOG do 27*)

Antes do 20/12/2018:

- Envío á Xefatura Territorial o informe de seguimento que se publica como anexo II na Resolución do 25 de setembro de 2018.